

PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO



Decembro de 2020

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	1
1.1	Antecedentes e xustificación	1
1.2	Obxectivos	2
1.3	Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais	3
2	ÁMBITO TERRITORIAL	4
2.1	Situación, límites e superficies	4
2.2	Parroquias e núcleos de poboación	4
2.3	Caracterización do medio natural	5
2.3.1	Topografía	5
2.3.2	Climatoloxía	6
2.3.3	Edafoloxía	8
2.3.4	Hidroloxía	9
2.3.5	Flora	10
2.3.6	Fauna	11
2.4	Espazos naturais protexidos	13
3	ANÁLISE DO RISCO DE INCENDIOS	14
3.1	Histórico de incendios	14
3.1.1	Número de incendios e superficie queimada	14
3.1.2	Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)	15
3.1.3	Activación do PEIFOGA en situación 2	15
4	XESTIÓN DA BIOMASA	20
4.1	Definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa	21
4.1.1	Perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable	21
4.1.2	Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolíneas e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas	23
4.2	Xestión da biomasa en pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal	23
4.3	Xestión da biomasa nos montes de titularidade municipal	23
4.4	Relación de parcelas afectadas	24

ANEXOS

- 1 Relación de parcelas afectadas

PLANOS

- 1 Plano de Situación
- 2 Rede de defensa contra os incendios forestais
 - 2.1 Rede secundaria de faixas de xestión da biomasa perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable

MEMORIA

1 INTRODUCCIÓN

1.1 Antecedentes e xustificación

O monte constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentable de Galicia, onde os terreos de monte constitúen máis do 65% da súa superficie e onde integrados con eles hai 313 concellos cuns 31.550 núcleos de poboación.

Mais o importante valor que o monte desempeña para a nosa sociedade no seu conxunto vén sendo ameazado pola propagación de incendios forestais, afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que se desenvolven nel.

Esta situación débenos facer conscientes de que os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia.

Os terreos forestais e as súas zonas de influencia teñen unha configuración específica que dificulta a súa protección contra os incendios forestais; entre outras, estas características son a fragmentación da propiedade, o desequilibrio entre zonas, o abandono da agricultura, a ganadería extensiva sen control e a progresiva transformación das parcelas agrícolas fragmentadas en terreos de monte, o que deu lugar a unha progresiva desorde do territorio incrementando a ameaza derivada dun incendio forestal.

O *Estatuto de autonomía de Galicia* no artigo 27.10 e a *Constitución de 1978* nos artigos 148.1.8 e 149.1.23 determinan o marco normativo xeral de referencia en materia de prevención e incendios forestais. A *Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes*, atribúe á Comunidade Autónoma a facultade para desenvolver os aspectos de defensa contra incendios forestais dotando dun marco regulador legislativo que contribúe a fortalecer a seguridade xurídica das administracións públicas galegas e dos cidadáns na prevención e defensa contra os incendios forestais.

A *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, ten por obxecto establecer o marco normativo

dos montes e terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, e será aplicable a todos os montes ou terreos forestais do territorio.

A *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, estrutura o planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, en varios niveis: galego, de distrito, municipal e inframunicipal. No seu *artigo 7* atribúe a competencia dos concellos de elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos que lles sexan da súa titularidade, ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, e de forma máis concreta a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa, así coma o deber de xestionar as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Neste marco, o planeamento a nivel municipal integrará nos plans de emerxencias municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ó previsto na lexislación de emerxencias, sendo a *Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil*, a *Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia* (Platerga) e o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

1.2 Obxectivos

O obxectivo principal do presente Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, en cumprimento do establecido na *Lei 3/2007*, é a definición da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa, formadas por un conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, e garantir o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin principal de reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

Este obxectivo fundamental concrétase nunha serie de accións sobre o territorio que buscan

organizar a xestión da biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas declaradas de alto risco de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas, o tratamento de áreas forestais nun esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos, no ámbito da defensa de persoas e bens e a defensa dos montes.

A redacción do presente Plan pretende, por tanto, aportar un documento que conteña as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais efectuando unha análise da situación actual, e establece unha zonificación do territorio como marco das directrices de actuación a realizar para acadar os obxectivos propostos.

1.3 Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais

É competencia dos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, e integralos nos plans de emerxencias municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

Os plans deberán ser redactados por técnicos competentes en materia forestal.

A estrutura deste plan, ven definida no *artigo 16* da *Lei 3/2007*, e axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias.

Será a dirección xeral competente en materia forestal quen emita informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plan municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación. O ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas.

A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compétenlle a alcaldía. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.

Os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais deberán adaptarse ao disposto nesta Lei nun prazo de cinco anos desde a súa entrada en vigor.

2 ÁMBITO TERRITORIAL

O marco xeográfico obxecto do presente Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais é o concello de Mondariz-Balneario, localizado na provincia de Pontevedra, dentro do Distrito Forestal XVII O Condado-A Paradanta.

2.1 Situación, límites e superficies

Situación

O concello de Mondariz-Balneario sitúase na provincia de Pontevedra. As súas coordenadas xeográficas son:


- Latitude: 42°13'16,12"N
- Lonxitude: 8°28'15,71"W

Límites

- Norte: concello de Mondariz.
- Oeste: concello Pontearreas.
- Sur: concellos de Pontearreas e Mondariz.
- Leste: concello de Mondariz.

Superficie

Ten unha extensión de 2,3 km².



Mapa 1 Localización do concello

2.2 Parroquias e núcleos de poboación

O concello distribúese nunha única parroquia.

Parroquia	Superficie	Habitantes
Mondariz-Balneario (Nosa Señora de Lurdes)	230,51	618

Táboa 1 Táboa de parroquias e habitantes (Fonte: IGE)

*Superficie en hectáreas



Mapa 2 Mapa de parroquias

2.3 Caracterización do medio natural

2.3.1 Topografía

Mondariz-Balneario forma parte da comarca do Condado, dentro da provincia de Pontevedra. A súa capital municipal está localizada a 70 metros sobre o nivel do mar. O relevo da zona presenta fortes contrastes entre as zonas de cumios e os vales. Unha das elevacións máis próximas é o monte Landín, situado ao suroeste cunha altitude de 469 metros, sobre o límite cuxas alas atravesa a vila de Mondariz - Balneario, na zona de val froito do encontro dos ríos Tea e Xabriña. Completan os cumios máis próximos ao concello a Pena Alta con 383 metros situado ao este, o coto do Lobo con 282 metros situado ao nordeste e o monte Garabite con 314 metros situado ao noroeste do termo municipal. Outro elemento destacado da zona, aínda que a unha certa distancia, é o coto de Eira a 884 metros de altitude e que se atopa ao noroeste do concello, no veciño concello de Mondariz. As alturas dentro do concello van dende os 50 metros sobre o nivel do mar nas marxes do río Tea ata os case 300 metros que se chegan ao sueste, nas inmediacións do coto ou do monte da Armada.

2.3.2 Climatoloxía

O clima pode considerarse como un dos elementos determinantes en moitos dos procesos naturais, como son a formación do solo e a vexetación potencial; é o que vai determinar en último caso o posible emprego da terra.

A climatoloxía se atopa estreitamente ligada á topografía, de forma que ámbolos dous factores afectan á distribución da poboación que acusa as vantaxes dun clima e topografía favorables.

En liñas xerais, o clima do concello se caracteriza por ter unhas temperaturas suaves e abundantes precipitacións que confiren á zona un clima oceánico húmido con tendencia á aridez estival.

A nivel xeral, a situación de Galicia entre os 41º e os 44º de latitude norte aproximadamente, está situada baixo a influencia dos centros de acción fundamentais que son por unha banda as altas presións subtropicais, representadas fundamentalmente polo anticiclón das Azores, e por outra banda, as baixas presións atlánticas. Hai que considerar, ademais, no clima, as masas de aire; con respecto a Galicia hai que resaltar dúas: a tropical e polar, que ao poñerse en contacto orixinan a descontinuidade chamada fronte Polar que se sitúa ao noroeste das altas presións subtropicais. Este fronte Polar non permanece estático, senón que se despraza de norte a sur segundo as estacións.

As condicións climáticas do concello se corresponden ao tipo oceánico húmido, con temperaturas suaves. Durante o inverno, as precipitacións son abundantes, e no verán o clima é máis cálido e soleado.

Os niveis de evapotranspiración oscila entre os 20,10 mm do mes de xaneiro aos 128,20 mm do mes de xullo.

Segundo a clasificación de Papadakis, o tipo de inverno é o AV, avena cálido, o tipo de verán é o Lo, Oryza (arroz), o réxime de humidade é ME (Mediterráneo). Nin húmido nin desértico. O réxime térmico é o continental cálido / semicálido. Clasifícase o clima do concello de Mondariz - Balneario como Mediterráneo continental.

O réxime pluviométrico se caracteriza pola súa abundancia e persistencia. A media de

precipitación anual recollida na zona se sitúa nos 1.610 mm.

A distribución estacional desta precipitación se realiza de forma desigual, acadándose as máximas precipitacións no inverno, cun 39 % do total e cun mínimo acusado no verán, do orde do 7 %. En primavera e outono se recollen datos similares de precipitación, cun 23 % e un 30 % do total respectivamente.

Durante os meses do período seco, o descenso das precipitación únese ao ascenso das temperaturas, o que provoca unha evapotranspiración importante (o 46 % da evapotranspiración anual ten lugar durante esta época), para provocar situacións de déficit hídrico.

As condicións climáticas se corresponden co tipo oceánico húmido, con temperaturas suaves.

Durante o inverno, as precipitacións son abundantes, e no verán o clima é cálido e soleado.

A temperatura media anual é de 14,7 °C cunha amplitude térmica media que ronda os 12 °C. O réxime pluviométrico é abundante, situándose ao redor dos 1.600 mm. O inverno supón un tempo fresco e chuvioso, causado pola presenza do fronte Polar e as borrascas que traen os ventos do oeste. No verán predomina o tempo cálido e seco, aínda que soen presentarse algunhas precipitacións dispersas ao longo da estación.

A época máis fría a compoñen os meses de decembro, xaneiro e febreiro cunha media de 9,1 °C sendo o mes máis frío xeralmente o mes de xaneiro. Estes datos permiten observar a suavidade térmica da estación fría, que se confirma cas temperaturas medias de mínimas, cun intervalo de 3,8 °C. O carácter suave do inverno vese referendado por un período libre de xeadas mínimas (xeadas mínimas: temperatura media das mínimas $t < 7$ °C) próxima aos 180 días. A temperatura media das mínimas absolutas se sitúa nos - 4,10 °C.

A estación cálida a compoñen os meses de xuño, xullo, agosto e setembro. A temperatura media desta época se atopa nos 20,05 °C. A estación non é excesivamente calorosa. A pesares diso, a media mensual das temperaturas máximas absolutas excede en ocasións os 35 °C.

Os meses de primavera e outono teñen un comportamento variable por ser épocas de transición entre estacións cálidas e frías. a pesares diso, constitúen unhas estacións agradables, non diminuíndo en ningún caso a temperatura media destes meses dos 13 °C.

Con respecto ao réxime de ventos dominantes, esta zona de estudo queda incluída no cinto dos ventos do oeste, ventos de orixe mariño, atemperados e húmidos; véndose afectada de modo bastante regular, excepto no verán, polos sistemas nubrados que, procedentes do atlántico, son arrastrados por estas correntes de compoñente oeste, especialmente no outono e inverno, producindo un tempo característico, co paso das sucesivas borrascas, co seu cortexo de frontes cálidos e fríos acompañados de frecuentes xiros de vento do sur - suroeste, ao noroeste e abundantes precipitacións.

Durante o verán se produce un desprazamento dos cintos do vento e, en consecuencia, os ventos do oeste se desprazan máis ao norte quedando a zona baixo o dominio do cinto das Calmas Subtropicais. Paralelamente, o anticiclón das Azores se despraza máis ao norte. Os ventos predominantes nesta época son os de compoñente oeste e oeste - noroeste, aínda que tamén se presentan os ventos norte e sur.

As velocidades medias máis elevadas se producen durante a primavera alcanzándose en maio e abril os 17 km/h; as menores velocidade teñen lugar en setembro e outubro con 14 km/h de media. As calmas teñen singular importancia entre agosto - novembro, con porcentaxes próximos aos 20 %.

2.3.3 Edafoloxía

Os solos presentes no concello de Mondariz - Balneario son:

- Regosoles alumi - úmbricos e cambisoles alumi - húmicos.
- Cambisoles dístricos (inclusións de regosoles dístricos).

Regosoles alumi – úmbricos e cambisoles alumi - húmicos: son solos cuxa xénese estivo moi condicionada polas características topográficas. Son solos pouco desenrolados, formados a partir de materiais non consolidados e en áreas de pendentes moi acusadas. Teñen unha capacidade agrícola moi escasa.

Cambisoles dístricos: son solos minerais condicionados pola súa idade de formación, onde o tempo transcorrido aínda non é suficiente para que se desenrolem. Son solos desenrolados sobre

diferentes tipos de substrato, moi variables, aínda que presentan sempre horizontes diferenciados. Permiten numerosos usos agrarios.

Nos cambisoles seu nome alude ós cambios de cor, estrutura e / ou consistencia producidos ao avanzar a edafoxénese dos horizontes C por procesos que modifican a súa composición e / ou organización. Son os solos máis estendidos en Galicia, debido á climatoloxía pasada e actual, ademais da relativa inestabilidade dos materiais xeolóxicos que fixo que evolucionen as rochas ata o estado de B cámbrico. Sobre o horizonte B cámbrico soe ser frecuente en Galicia a presenza dun úmbrico, escuro, espeso e ácido, tanto sobre rochas básicas como ácidas, o que leva á caracterización dos cambisoles húmicos presentes na zona.

Os regosoles son solos que non posúen horizontes de diagnóstico especiais salvo, ócrico ou úmbrico. Algúns tipos de regosol aparecen no paisaxe asociados a leptosoles. Os procesos de erosión que sufriron moitas zonas de montaña de Galicia, principalmente nos períodos máis fríos correspondentes ao último período glacial cuaternario e á intensa deforestación causada pola utilización do lume dende a revolución neolítica ata nosos días, orixinan acumulacións de materiais edáficos ao longo das ladeiras e, sobre todo, nas posicións de cambio de pendente.

Nestes casos poden formarse solos cun horizonte A úmbrico de espesor anómalo no que, en ocasións, recoñécese a presenza de liñas de material pedregoso, solto e con disposición máis ou menos paralela á superficie que poñen de manifesto a orixe alóctona destas formacións.

En liñas xerais, o solo é ácido por asentarse sobre rocha granítica, polo que os cultivos case sempre necesitan encalados.

2.3.4 Hidroloxía

O río Tea discorre polo val no que se atopa localizado o concello, ao norte del, limitando nunha lonxitude próxima aos 1,5 km. Este río recibe o caudal tanto do Xabriña, que serve de límite polo este co concello de Mondariz, como de moitos pequenos regatos. Un dos mananciais do Tea é o Troncoso que brota na beira esquerda e o outro é o Gándara que se atopa a uns 800 metros de distancia. O río Tea nace no val de Teclas (Fonte do Tea), vertente occidental do Faro de

Avión. Rega o territorio onde xorden as fontes do nordeste a suroeste; aflúen as súas augas: o río Ameixeiras, emerxente en Montemaior; o río Frío, en Coto de Cira; Fozara en Moscoso; o xa mencionado Xabriña en Prado de Canda, vertente oeste da serra de Fontefría e que desemboca no concello de Mondariz - Balneario. Entre os seus arrosos cabe mencionar o Valdice, que nace nos cerros de Lubián e Alén. O Tea recorre todo o norte e o oeste do territorio formando un ángulo recto na súa traxectoria xeral: de levar dirección este - oeste a porción que estaba comprendida entre Ponte Mera da parroquia de Longares e San Juan, lugar de Vilar, onde cambia bruscamente de dirección precisamente en San Juan para levar seu curso ata o sur, seguindo desa maneira ata Pontearreas e o val de Salvaterra e desembocar no río Miño. É un afluente pola marxe dereita do río Miño. Seu traxecto angular, a altura e amplitude das vertentes que o orixinan e fundamentalmente a climatoloxía, explican a abundante vexetación do solo e as grandes avenidas que experimenta anualmente. En efecto, o río Tea tamén sufría grandes variacións de nivel tódolos anos; en determinadas ocasións seu leito aumentaba varios metros de altura.

En síntese, situado no centro do val do alto Tea, dous ríos configuran o límite norte e este do concello, o referido Tea ao norte, que posúe unha lonxitude de 35 km e seu afluente o Xabriña ao que nas súas ribeiras se estende o núcleo de San Pedro; a súa lonxitude é de 15,5 km. Varios arrosos existen no concello, destacando o Valdice que desemboca no Tea.

2.3.5 Flora

A vexetación potencial do concello é de carácter forestal, unha carballeira acidófila que ten como especie predominante o carballo (*Quercus robur*). Como especies arbóreas e arbustivas asociadas leva cerquiños (*Quercus pyrenaica*), acivros (*Ilex aquifolium*), castaños (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*), espiños (*Crataegus monogyna*), etc. Este tipo de bosque caducifolio aparece ata a altura sobre o nivel do mar dos 500 aos 600 metros.

Esta vexetación foi substituída dende tempos antigos debido á actividade humana. As masas arbóreas da zona poden diferenciarse en tres tipos fundamentais: bosques de repoboación, bosques mixtos e bosques de ribeira.

Entre os primeiros destaca o piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*). Tamén se atopa o piñeiro insigne (*Pinus radiata*). Os bosques mixtos son mesturas entre masas superviventes do bosque caducifolio autóctono e as especies plantadas. Aparecen, ademais das especies citadas: mimosas (*Acacia dealbata*), acacia negra (*Acacia melanoxyton*) e loureiros (*Laurus nobilis*). A principal especie arbórea dentro das frondosas autóctonas é o carballo (*Quercus robur*) que aparece mesturado con bidueiros (*Betula alba*) e castaños (*Castanea sativa*). Tamén se atopa representado, aínda que en menor medida, o cerquiño (*Quercus pyrenaica*). O sotobosque destas masas forestais está densamente cuberto por fentos (*Pteridium aquilinum*), polipodios (*Polypodium vulgare*), silvas (*Rubus* sp.), a xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*), madreSelva (*Lonicera* sp.), hedra (*Hedera helix*), e numerosas especies de herbáceas (*Omphalodes nitida*, *Euphorbia amygdaloides*, *Anthoxanthum odoratum*, *Potentilla erecta*, etc.). Os bosques de ribeira aparecen ao longo dos numerosos cursos de auga da zona, sobre todo no río Tea. Estes bosques están ligados a solos profundos de fondo de val con algunha influencia freática e quedaron reducidos a franxas lineais ao longo das canles. Entre as especies arbóreas se atopan: o aliso (*Alnus glutinosa*), freixo (*Fraxinus excelsior*), bidueiro (*Betula alba*), salgueiro (*Salix atrocinerea* e *Salix viminalis*) e o sanguíño (*Frangula alnus*). Como acompañantes destas especies arbóreas aparecen numerosos fentos (*Osmunda regalis*, *Athyrium filix - femina*) e herbáceas (*Glyceria* spp, *Aquilegia vulgaris*, *Lycopus europaeus*, etc.).

En áreas non repoboadas, e onde non hai predominancia de especies arbóreas, o mato é a formación vexetal predominante. Hai presenza de toxos (*Ulex europaeus*, *Ulex gallii*), xestas (*Cytisus scoparius* e *Cytisus striatus*) e breixos (*Erica* sp). Entre as herbáceas presentes nestas matogueiras atopamos *Agrostis curtisii* e *Potentilla erecta*.

2.3.6 Fauna

A comarca do Condado presenta unha gran riqueza de especies animais. Dos diversos e variados

hábitats existentes no territorio son principalmente os hábitats fluviais e os asociados ás serras

os que teñen un maior interese faunístico, aínda que sen descartar o interese faunístico asociado aos terreos de cultivo.

En canto á fauna, a presenza de especies faunísticas está fortemente condicionada polo medio circundante, especialmente pola cobertura vexetal natural e a presenza humana. A fauna que se pode atopar no entorno do concello de Mondariz - Balneario é:

Anfibios:

Ra patilonga (*Rana iberica*) e sapo corriqueiro (*Bufo calamita*).

Réptiles:

Cobregón (*Malpolon monspessulanus*), cobra de escada (*Rhinechis scalaris*), cobra lisa meridional (*Coronella girondica*), cobra viperina (*Natrix maura*), lagartixa galega (*Podarcis bocagei*), lagarto ferreño (*Lacerta schreiberi*) e liscanzo (*Anguis fragilis*).

Peixes:

Anguía (*Anguilla anguilla*), bermelliña (*Achondrostoma arcasii*), boga do Douro (*Pseudochondrostoma duriense*), escalo (*Squalius carolitertii*), barbela (*Cobitis paludica*), lamprea marina (*Petromyzon marinus*), salmón común (*Salmo salar*) e troita (*Salmo trutta*).

Mamíferos:

Coello (*Oryctolagus cuniculus*), corzo (*Capreolus capreolus*), raposo (*Vulpes vulpes*), porco bravo (*Sus scrofa*), leirón careto (*Eliomys quercinus*), murgaño de Cabrera (*Neomys anomalus*), lontra (*Lutra lutra*), rata común (*Rattus norvegicus*), rata de auga común (*Arvicola sapidus*), ratón caseiro (*Mus musculus*), rato do campo (*Apodemus sylvaticus*) e trilladeira dos prados (*Microtus agrestis*).

Aves:

Bico de coral común (*Estrilda astrild*), bubela (*Upupa epops*), azulenta común (*Prunella modularis*), gabeador común (*Certhia brachydactyla*), tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), falcón pequeno (*Falco subbuteo*), laverca común (*Alauda arvensis*), cotovía pequena (*Lullula arborea*), lavanco común (*Anas platyrhynchos*), gaio común (*Garrulus glandarius*), moucho de orellas (*Otus scops*), azor común (*Accipiter gentilis*), carriza dos xuncos (*Cisticola juncidis*),

miñato común (*Buteo buteo*), cardeal común (*Pyrrhula pyrrhula*), avelaiona común (*Strix aluco*), ferreiriño real (*Parus major*), ferreiriño carboeiro (*Parus ater*), carriza (*Troglodytes troglodytes*), noiteboa cincenta (*Caprimulgus europaeus*), rabirrubio común (*Phoenicurus ochruros*), corvelo (*Corvus corone*), cuco común (*Cuculus canorus*), papuxa das amoras (*Sylvia atricapilla*), papuxa do mato (*Sylvia undata*), escribenta riscada (*Emberiza cia*), escribenta común (*Emberiza cirulus*), estorniño negro (*Sturnus unicolor*), gabián común (*Accipiter nisus*), andoriña común (*Hirundo rustica*), pardal común (*Passer domesticus*), ferreiriño cristado (*Parus cristatus*), ferreiriño azul (*Parus caeruleus*), lavandeira branca (*Motacilla alba*), lavandeira real (*Motacilla cinerea*), curuxa común (*Tyto alba*), picapeixe común (*Alcedo atthis*), melro rieiro europeo (*Cinclus cinclus*), melro común (*Turdus merula*), ferreiriño rabilongo (*Aegithalos caudatus*), moucho común (*Athene noctua*), picafollas europeo (*Phylloscopus collybita*), picafollas ibérico (*Phylloscopus ibericus*), ouriolo común (*Oriolus oriolus*), pombo das rochas (*Columba livia*), pombo torcaz (*Columba palumbus*), liñaceiro común (*Carduelis cannabina*), perdiz común (*Alectoris rufa*), paporrubio (*Erithacus rubecula*), peto real (*Dendrocopos major*), pimpín común (*Fringilla coelebs*), peto verde eurasiático (*Picus viridis*), estrelia riscada (*Regulus ignicapilla*), chasco común (*Saxicola torquatus*), rola común (*Streptopelia turtur*), pega (*Pica pica*), cirrio común (*Apus apus*), xirín (*Serinus serinus*), verderolo común (*Carduelis chloris*), folosa poliglota (*Hippolais polyglotta*), tordo do visgo (*Turdus viscivorus*) e tordo común (*Turdus philomelos*).

2.4 Espazos naturais protexidos

Na seguinte táboa recóllense os espazos naturais protexidos presentes total ou parcialmente no concello. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente.

Nome	Categoría	Código
Río Tea	Zonas Especiais de Conservación (ZEC)	ES1140006
	Rede Natura 2000	ES1140006
	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)	

Táboa 2 Espazos naturais protexidos (Fonte: IET)

3 ANÁLISE DO RISCO DE INCENDIOS

A análise estatística dos incendios forestais acontecidos no concello foi elaborada a partir dos datos proporcionados pola Consellería do Medio Rural para o período 2008-2017.

Segundo o PEIFOGA, o Índice de Risco Potencial (IRP) para o concello é **Moderado** e **SI** está declarado como Zona de Alto Risco (ZAR).

3.1 Histórico de incendios

3.1.1 Número de incendios e superficie queimada


O número de incendios forestais ocorridos foi de 1 lume, queimando un total de 1,53 hectáreas, 1,03 arboradas e 0,50 rasas. Na seguinte táboa e gráfica amósanse os datos de superficies queimadas e o número de incendios ocorridos no período 2008-2017.

Parroquia	Ano	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
Mondariz-Balneario (Nosa Sra. de Lurdes)	2012	1	1,03	0,50	1,53
TOTAL		1	1,03	0,5	1,53

Táboa 3 Número de incendios e superficie queimada no período 2008-2017 (Fonte: Consellería do Medio Rural) *Superficie en hectáreas

Parroquia	TOTAL	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Mondariz-Balneario (Nosa Sra. de Lurdes)	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0
TOTAL	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0

Táboa 4 Distribución dos incendios no período 2008-2017 (Fonte: Consellería do Medio Rural)



Gráfica 2 Superficie quemada e número de incendios forestais por parroquia para o período 2008-2017

3.1.2 Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)

Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia as parroquias de alta actividade incendiaria son aquelas parroquias incluídas en zonas declaradas como de alto risco que, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles.

Nas parroquias de alta actividade incendiaria realizarase un seguimento exhaustivo de calquera actividade incluída no territorio e intensificaranse as actuacións de vixilancia e disuasión.

No concello de Mondariz-Balneario non hai declarada ningunha parroquia de alta actividade incendiaria segundo o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2020).

3.1.3 Activación do PEIFOGA en situación 2

Segundo o establecido na Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por

incendios forestais (Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro) e no PEIFOGA, a clasificación dos lumes depende do establecemento previo dun índice de gravidade potencial, en función do cal se declarará unha situación operativa.

Os índices de gravidade potencial dos lumes determínanse en función da topografía da zona, das dimensións do incendio, dos combustibles existentes, das características das masas forestais ameazadas, das infraestruturas de defensa contra incendios (devasas, rede viaria, reservas e puntos de auga etc.), das condicións meteorolóxicas reinantes (vento, temperatura, humidade relativa), das posibles ameazas potenciais para as persoas non relacionadas cos labores de extinción, da presenza de instalacións e infraestruturas sensibles (tendidos eléctricos, gasodutos, estradas principais...).

Os lumes clasifícanse segundo o seu nivel de gravidade potencial, mediante a seguinte escala:

- **Índice de gravidade potencial 0:** Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, non hai ameaza ningunha para aquelas persoas non relacionadas co dispositivo de extinción, nin para bens distintos aos de natureza forestal, e o dano forestal esperable é moi reducido (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- **Índice de gravidade potencial 1:** Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé a necesidade de poñer en práctica medidas para a protección de persoas alleas ao dispositivo de extinción e existen bens illados ameazados de natureza non forestal (infraestruturas sensibles ou redes de subministracións), e o dano forestal esperable é considerable (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- **Índice de gravidade potencial 2:** Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé unha ameaza seria dos núcleos de poboación ou das infraestruturas de especial importancia, e o dano forestal esperable é moi importante (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada), de xeito que se fai necesario adoptar inmediatamente medidas para a atención e o socorro da

poboación ou para a protección dos bens.

- **Índice de gravidade potencial 3:** Referido a aquel incendio en que, unha vez apreciadas as circunstancias anteriores no seu índice máximo de gravidade, concorren outras sobre o dispositivo de extinción que imposibilitan continuar co labor encamiñado ao control do incendio.

O índice de gravidade potencial dos incendios establecerao o centro de coordinación central do SPDCIF, a proposta do director técnico de extinción.

A situación operativa dos plans será consecuencia dos danos ocorridos ou do dano potencial que, de forma técnica e realista, se prevé que pode chegar a ocasionar (índice de gravidade potencial) e da dispoñibilidade de medios e recursos dispostos, e teranse en conta ademais outros criterios relativos a:

- A simultaneidade temporal e/ou a concentración espacial de conatos ou incendios forestais que poderían ter lugar nun espazo territorial determinado.
- A suficiencia, idoneidade e disposición dos medios e recursos cos que conte o plan para o control do incendio e/ou para a atención e o socorro da poboación afectada.
- A estacionalidade temporal, así como a activación e posta en servizo dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais determinados nos plans.
- Outras circunstancias de índole administrativa por razón do espazo territorial afectado, ou pola intensidade e/ou a gravidade das consecuencias sobrevidas ou potenciais sobre as persoas e os seus bens.
- Calquera outra a criterio da autoridade a quen lle corresponda a dirección do plan activado correspondente.

Atendendo aos criterios anteriores, as situacións operativas do PEIFOGA son:

- **Situación 0:** Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar só bens de natureza forestal e poidan ser controlados cos medios e recursos do propio plan local ou da comunidade autónoma, incluídos os medios do Estado, a condición de que estes últimos actúen

dentro da súa zona de actuación preferente. A situación 0 corresponderá con carácter xeral a incendios con IGPO.

- **Situación 1:** Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente bens forestais e, se é o caso, levemente a poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do plan da comunidade autónoma, ou para cuxa extinción poida ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma e tras a valoración da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior ou da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, segundo corresponda, sexan incorporados medios extraordinarios.

O plan activarase en situación 1 para incendios IGPO cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben para incendios IGP1, declarados así porque o dano esperado é considerable, pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada, pero nos que non é necesario poñer en práctica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción.

- **Situación 2:** Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente a poboación e os bens de natureza non forestal, e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro. Pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.

O plan activarase en situación 2 para incendios IGP1 ou superiores cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue.

A cualificación da situación operativa do plan será establecida polo director do plan a través do centro de coordinación central do SPDCIF para as situacións 0 e 1 e, polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia que estea afectada polo lume, para a situación 2, a proposta do centro de coordinación central do SPDCIF. Esta cualificación poderá variar de acordo coa evolución do incendio. Así mesmo, a situación operativa 1 será comunicada ao organismo competente en materia de protección civil, a través do CAE112.

- **Situación 3:** Situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo Ministerio do Interior. Efectuarase por propia iniciativa ou a instancia do conselleiro competente en materia de protección civil ou do delegado do Goberno en Galicia.

En incendios IGP1, nos que se prevexa a necesidade de poñer en práctica medidas de protección á poboación allea ao dispositivo de extinción, podendo ser ou non necesarios a incorporación de medios extraordinarios, activarase o plan en situación 2.

O procedemento será o seguinte:

Unha vez determinada polo CCC, a proposta do director técnico de extinción, a necesidade de poñer en práctica de medidas de protección dirixidas á poboación, procederá a solicitar a declaración de situación 2 do PEIFOGA, e trasladará ao técnico de garda do sistema integrado de emerxencias o motivo da solicitude: persoas ou bens ameazados, posibilidade de evacuación, cortes de estradas, ferrocarril etc.

Unha vez declarada a situación 2, comunicarase a:

- Xefe/a do Servizo Provincial de Emerxencias, ou persoa que o substitúa.
- Alcalde/s dos concellos afectados.
- Delegación e Subdelegación do Goberno.
- Xefe/a Territorial de Presidencia.
- Xefe/a Territorial de Medio Rural.
- Dirección xeral de Emerxencias e Interior.

- Xerente de la Axencia Galega de Emerxencias.

E mobilizaranse os grupos operativos previstos, segundo as necesidades:

- Sanitaria.
- Apoio loxístico e seguridade.
- Medios de intervención non adscritos á situación 0 e 1.
- Medios extraordinarios, sempre a solicitude do CCC, segundo o determinado na situación 1.

Unha vez que o incendio deixe de poñer en perigo persoas e/ou bens de natureza non forestal, e cando o delegado territorial desactive a situación 2, o técnico de garda comunicarllo a:

- Alcalde do municipio.
- Xefe territorial de Presidencia.
- Xefe territorial de Medio Rural.
- Xefe de Emerxencias da provincia ou persoa que o substitúa.
- Delegación e Subdelegación do Goberno.
- CCC.

A desactivación da situación será transmitida aos responsables dos grupos operativos que fosen mobilizados.

No concello non foi activada a situación operativa 2 do PEIFOGA durante período 2008-2019.

4 XESTIÓN DA BIOMASA

